

PRESENTACIÓN

3 DEC. 2021

I SEMANA

**AUDIOVISUAL
E
DISCAPACIDADE**



Videoforum e ilustracións

Alumnado Relixión
2021-2022



Vimos : **El pirata barba ciega.**

Autora: Patricia Pérez Bernabeu **Obra:** El pirata barba ciega.

Personaxes principais: Barba cega e Plumas.

Neste audiovisual aparece:

- ★ • Un pirata cego, con dous parches nos ollos.
- ★ • Un amigo inseparable, plumas..
- ★ • O amor e o respecto.
- ★ • A Igualdade..
- ★ • A solidariedade.





Guión, Resumen, Argumento, Mensaxe:




Barba Cega, un pirata coñecido polos seus dous parches nos ollos negros, a barba vermella, a bufanda de lunares rosa, as sandalias e o seu inconfundible amigo Plumas no ombreiro..



Ilustracións







Vimos : *La niña que caminaba entre aromas* de Ariel Andrés Almada

Autor: Ariel Andrés Almada **Obra:** *La niña que caminaba entre aromas*.

Personaxes principais: Ana, a nai, a avoa, os veciños e Xulián.

Neste audiovisual aparece:

- ★ • Cegueira.
- ★ • Aceptación e Superación.
- ★ • Potenciar o sentido do olfacto..
- ★ • Potenciar a xenerosidade
- ★ • Unha chea de emocións.




Guión, Resumen, Argumento, Mensaxe:





“A nena que andaba entre aromas” conta a historia de Ana, unha nena que naceu sen ver, por iso cando as súas amigas falan de cores non sabe moi ben de que falan. Pero grazas a non ter visión, desenvolveu outros sentidos como coñecer os sentimentos e emocións dos demais. Tamén é capaz de recoñecer e gozar dos olores, sobre todo na cociña da súa avoa. Pero algún día coñecerá un ser moi especial que lle axudará a vivir as súas emocións con máis intensidade.



Ilustracións







Vimos : *Marcela, la inventora de palabras*

Autor: Stephen Chbosky **Obra:** *Marcela, la inventora de palabras* de Save the Children Ed. Save the Children (2019)

Personaxes principais: Marcela, Lea, a familia de Marcela e as novas compañeiras.

Neste audiovisual aparece:

- ★ • Diferentes tipos de violencia.
- ★ • O valor da verdadeira amizade sen condicións.
- ★ • A empatía e a axuda.
- ★ • A inclusión fronte ao bullying e o acoso.
- ★ • A frustración pero sobre todo a superación.



Guión, Resumen, Argumento, Mensaxe:





Marcela, unha nena de dez anos que di as palabras ao seu xeito, mentres saen, con todas as dificultades do mundo conta como se sente na escola. Mentres algúns compañeiros ríen dela, outros intentan axudala..



Ilustracións







Vimos : *El Misterioso espectador de la fila 7.*

Director: ¿? Obra: *El misterioso espectador de la fila 7.*

Personaxes principais: Cines King Kong, Jessica e Espectador misterioso.

Neste audiovisual aparece:

- ★ • Falta de memoria.
- ★ • Actitude positiva ante as limitacións.
- ★ • Desfrutar do pracer da novidade continua.
- ★ • Asombro e comprensión.
- ★ • Rutinas sen explicación.




Guión, Resumen, Argumento, Mensaxe:



Un espectador misterioso con pouca memoria acude todos os días ao cine King Kong a ver a mesma película desde a mesma butaca. A vendedora de entradas observa moi estrañada e despois duns días interroga ao misterioso espectador da fila 7, que se amosa feliz por que grazas a súa falta de memoria pode desfrutar día tras día da mesma película como se fose a primeira vez.



Ilustracións







Vimos : Estrellas en la tierra

Director: Asmit Khan **Película:** Estrellas en la tierra /título orixinal: Taare Zameen Par (Like Stars on Earth)
Personaxes principais: Ishaan (9 anos), RamShankar (profesor de arte), familia, compañeiros e mestres, colexio, etc.

Neste audiovisual aparece:

- ★ • Illamento e pouca interacción..
- ★ • Incomprensión./Avances educativos.
- ★ • Dislexia.
- ★ • Potenciar as capacidades de cada quen.
- ★ • Escoita, poñerse no lugar do outro.



Guión, Resumen, Argumento, Mensaxe:








Ishaan (Darsheel Safary) é un neno de oito anos aparentemente feliz, cun rico mundo interior onde imaxina terras máxicas cheas de animais e cores que non é capaz de transmitir aos demais. O seu mundo está cheo de cores, peixes, cans e papaventos, que simplemente non son importantes na vida dos adultos, máis interesados en lembrarlle temas como os deberes, as notas ou o éxito. Ishaan é un artista potencial, pero con dificultades para aprender letras e números, e problemas co rendemento escolar. Ese fracaso escolar prodúcelle o desprezo dos seus compañeiros e dun profesor, así como un malentendido familia. Pero a situación do neno cambia coa chegada dun novo profesor de arte, Ram Shankar (Aamir Khan, finalmente director da película e estrela de Bollywood).



Ilustracións

Grandes personaxes da historia que foron disléxicos: Albert Einstein, Leonardo da Vinci, Thomas Alba Edison, Pablo Picasso, Walt Disney, Neil Diamond, Agatha Christy ou Abhishek Bachchan (famoso actor indio e, tamén, marido da deusa Aishwarya Rai).







Vimos : Los colores de las flores

Produción: ONCE Corto: Los colores de las flores

Personaxes principais: Diego, nai, profesora, compañeiros...

Neste audiovisual aparece:

- ★ • Cegueira
- ★ • Escritura e lectura en Braille.
- ★ • Fortaleza dos outros sentidos.
- ★ • Compañeirismo e aceptación
- ★ • Importancia da familia.



Guión, Resumen, Argumento, Mensaxe:





Diego, cego de nacemento, enfróntase ao reto de explicar algo que nunca viu: como son as cores das flores... Na actualidade, a práctica totalidade do alumnado con discapacidade visual asiste á escola en centros ordinarios, da súa localidade, barrio ou cidade de residencia, seguindo o currículo escolar oficial. O obxectivo é conseguir a maior normalización e inclusión do menor no ámbito familiar, social e educativo a través dos servizos da ONCE, coa intervención de profesionais especializados que integran equipos específicos formados por diversos profesionais (psicólogos, docentes, terapeutas), traballadores sociais, técnicos de rehabilitación...).



Ilustracións







Vimos : **Wonder**

Director: Stephen Chbosky **Baseada en:** La lección de August de R.J. Palacio; Ed. Nube de Tinta (2012)

Personaxes principais: Auggie Pullman, Jack Will, Isabel, Sr. Tushman, Via, Nate, Miranda, Justin, Charlotte, Julian e Summer.

Neste audiovisual aparece:

- ★ • A importancia do respecto e a empatía.
- ★ • O valor da verdadeira amizade sen condicións.
- ★ • A importancia do amor e da familia.
- ★ • A inclusión fronte ao bullying e o acoso.
- ★ • A frustración pero sobre todo a superación.



Guión, Resumen, Argumento, Mensaxe:













Wonder trata dun neno que ten unha rara deformidade facial médica chamada Síndrome de Treacher Collins e que ten que enfrontarse a un mundo que non sempre é amable despois de pasar toda a súa vida na seguridade da súa casa.

Aprendendo a medrar na adversidade, aceptándose como é, sorrindo nos días grises e aceptando esas mans amigas sempre dispostas a axudar.



Ilustracións







Vimos : Yo voy con migo

Director: –Voz de Rozálén- **Baseada en:** Yo voy conmigo de Raquel Díaz Reguera, Ed. Thule (2015)

Personaxes principais: "Yo", Martín, Lucía, Ana, Luís, .Carla, Lola e Marcos,

Neste audiovisual aparece:

- ★ • Aceptarse a un mesmo e aos demais.. .
- ★ • Valorarse, respecto por un mesmo e polos demais.
- ★ • Integración, empatía.
- ★ • A inclusión fronte ao bullying e o acoso.
- ★ • A frustración pero sobre todo a superación.



Guión, Resumen, Argumento, Mensaxe:





A unha nena gústalle un neno, pero o neno non se fixa nela, non a mira. Que facer? Os seus amigos aconséllanlle de todo: que se quite as coletas, as gafas, o sorriso, as pecas, as ás, que non sexa tan faladora. O neno por fin reparou nela, pero, con tanto afastamento, os paxaros mesmo saíron da súa cabeza. E a nena decátase de que xa non é ela e decide recuperar as súas coletas, as súas lentes, o seu sorriso, as súas pecas, as súas ás, as súas palabras...



Ilustracións







Vimos : Cuerdas

Director: Pedro Solís García- **Obra:** Curtametraxe de Animación (2013). Gañadora do Goya en 2014.

Personaxes principais: María, Nico, amiga de María, Mestra, Asistentista social, María adulta,, Profesora, Escola-orfanato, etc.

Neste audiovisual aparece:

- ★ • Amizade.
- ★ • Solidariedade.
- ★ • Integración, empatía.
- ★ • Non a discriminación.
- ★ • A frustración pero sobre todo a superación.



Guión, Resumen, Argumento, Mensaxe:



Conta a historia de María, unha nena alegre e imaxinativa duns 9 anos, alumna dunha escola-orfanato. Un día incorpórase á súa clase un rapaz moi especial, Nico. é tetraplético e vive ancorado nunha cadeira de rodas. María pronto converterase na súa mellor amiga, e mesmo no seu "adestrador" para mellorar a súa mobilidade. Pero María tamén é unha princesa e Nicolás o seu príncipe azul.



Ilustracións

